



AS CANTAREIRAS

O coiro da pandeireta
é de coiro dunha ovella.
Onte comía na herba
e hoxe toca que arrabea.
Ai lá...

LETRAS GALEGAS
17 DE MAIO DE 2025

AS CANTAREIRAS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com e Carlos Rodríguez



*As de cantar
que che hei de dar zonchos;
as de cantar
que che hei de dar moitos.*

*As de cantar,
meniña gaiteira,
as de cantar,
que me morro de pena.*

*Canta, meniña,
na beira da fonte,
canta, dareiche
boliños do pote.*


...

Cantares gallegos, Rosalía de Castro



A CELEBRACIÓN DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS FOI INSTITUÍDA POLA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1963. CONMEMÓRASE CADA 17 DE MAIO, COINCIDINDO CO CENTENARIO DA PRIMEIRA EDICIÓN DO LIBRO DE POEMAS **CANTARES GALLEGOS**, DE ROSALÍA DE CASTRO.

2



Unha rica tradición musical

A pesar de que o pobo galego ten certa sona no exterior de ser unha nación de xente morriñenta, o certo é que a música estaba presente ao longo de toda a súa vida xa que, como sinalou Xaquín Lourenzo Fernández, cantaba en todas as ocasións: facíao nas reunións festivas, quer para se divertir quer para esquecer as adustas condicións de vida, mais tamén cantaba para acompañar os traballos agrícolas, para tornar máis amena unha viaxe dun lugar a outro, para adormecer as crianzas no berce, para escorrentar o medo nas frías noites de inverno ou para se burlar ironicamente de alguén.

...

Xosé Manuel Sánchez Rei
Aproximación ao canto tradicional galego

ESTE ANO O DÍA DAS LETRAS ESTÁ DEDICADO ÁS CANTAREIRAS E Á POESÍA POPULAR ORAL. AS HOMENAXEADAS SON ADOLFINA E ROSA CASÁS, DE CERCEDA, EVA CASTIÑEIRA, DE MUXÍA, MANUELA LEMA, TERESA GARCÍA E PRUDENCIA E ASUNCIÓN GARRIDO, CATRO DAS PANDEIRETEIRAS DE MENS, DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.



XUNTA
DE GALICIA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Seminario Galán

LETRAS GALEGAS 2025



3




*A raposa vai pro monte
pola rodeira do carro
leua os ollos na cabeza
e o cu debaixo do rabo.*



*Se todo mar fora leite
e Monte Louro boroa,
xa terían que comer
os tramalleiros de Boa.*

AS CANTAREIRAS SON AS MULLERES QUE INTERPRETAN CANTIGAS DA NOSA MÚSICA TRADICIONAL OU POPULAR. ESTAS CANTIGAS INTERPRÉTANAS NOS FESTEXOS TRADICIONAIS, FOLIADAS, SERÁNS, RUA-DAS... E MESMO NAS FESTAS FAMILIARES OU VECIÑAIS.

4



1028b

*Unha nena nunha fonte
por unha berza bebía
e a berza estaba rachada
toda a auga lle verguía.*

Cerceda. Rosa e Adolfina

2235b


*Ai adiós Martes de Entroido
adiós meu queridiño
que ata domingo de Pascua
non podo comer touciño.*

Ponteceso. Asunción

Dorothe Schubart e Antón Santamarina
Cancioneiro Popular Galego

O **CANCIONEIRO POPULAR GALEGO** É UN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN REALIZADO POR DOROTHÉ SCHUBARTH E ANTÓN SANTAMARINA, EDITADO POLA FUNDACIÓN BARRIÉ EN 1984.
SON SETE VOLUMES NOS QUE SE RECOLLEN UNHA CHEA DE CANTIGAS POPULARES GALEGAS.

5



633

*Canta, rula, canta, rula,
canta, rula, naquel soto;
coitadiño do que espera
do que está na man de outro.*

638

*Maruxiña da forneira,
se cocedes, faimo un bolo;
se mo fas, faimo de trigo,
de centeo non cho como.*

Ramón Cabanillas
Antífona da cantiga



ANTÍFONA DA CANTIGA, OBRA DE RAMÓN CABANILLAS, FOI O PRIMEIRO LIBRO PUBLICADO POLA EDITORIAL GALAXIA EN 1951. NESTA OBRA RECÓLLENSE CASE NOVECENTAS CANTIGAS POPULARES GALEGAS.




*Os zapateiros
remendan os zapatos.
As costureiras
fan saias e vestidos.
Os carpinteiros
fan portas e fan carros.
os taberneiros
dan auga en vez de viño.*



Manuel Rico Verea e Carme López
Cantares

CANTARES É O SEGUNDO TRABALLO DE CANCIÓNS PARA A INFANCIA PUBLICADO POR MANUEL RICO Verea E CARME LÓPEZ, CON ILUSTRACIÓNS DE FRANCISCO SALVÁ. FOI EDITADO EN 1983 POLA EDITORIAL CASALS E NEL RECÓLLENSE AS LETRAS E PARTITURAS DE TRINTA E TRES CANCIÓNS.



CANTIGAS SOCIAIS RECOLLIDAS DO POBO É UNHA PUBLICACIÓN DE EDICIÓNS CASTRELOS DO ANO 1969, CUNHA ESCOLMA DE CINCUENTA E NOVE CANTIGAS POPULARES GALEGAS COA ANTOLOXÍA, PRESENTACIÓN E NOTAS DE XESÚS ALONSO MONTERO.


268

*Cando se emborracha un pobre
todos din: Zue borrachón!
Cando se emborracha un rico:
Zue gracioso está o señor!*

179

*Ao almorzo me dan peras,
ao xantar peras me dan,
á merenda me dan peras
e á cea, peras sen pan.*

Xesús Alonso Montero
Cantigas sociais-Recollidas do pobo



EVA CASTIÑEIRA



EVA CASTIÑEIRA NACEU EN MUXÍA EN 1926. DENDE CATIVA CANTABA NAS FESTAS, BAILES E ROMARÍAS XUNTO CON ENGRACIA, SÚA IRMÁ. MARCHOU PARA A CORUÑA A TRABALLAR NO SERVIZO DOMÉSTICO E VIVIU NO BARRIO CORUÑÉS DE SAN PEDRO DE VISMA.

9



Estroupelear, interpretada por Milladoiro e recollida por A. Santamarina e Dorothé Schubart

NO ANO 1981 EVA ACTUOU NUN CONCERTO CON MILLADOIRO, SENDO A PRIMEIRA PANDEIRETEIRA QUE ACOMPAÑOU UN GRUPO FOLK. AS CANTIGAS DE EVA FORON INSERIDAS POR ESE GRUPO NO SEU ÁLBUM **GALICIA NO PAÍS DAS MARABILLAS**.

*E o ferreiro vai fóra
e o ferreiro vai fóra
e a muller tamén, mira Pepe
e a muller tamén.*

*Estaba detrás da porta
estaba detrás da porta
e eu ben sei con quen, mira Pepe
e eu ben sei con quen.*

*Estaba mazando o ferro
estaba mazando o ferro
non lle saíu ben, mira Pepe
non lle saíu ben.*

*Estroupele-estroupelear
que vén o tempo do liño mazar.*

10



Florencio López, o cego dos Vilares



...

*As rapazas da Coruña
non é unha que son todas,
botan dous pares de medias
para ter as pernas gordas.*

...

*Aí vos vai a despedida,
aí vos vai a derradeira,
acabouse o chicolate,
rompeu a chicolateira.*

Eva Castiñeira Santos
A danza
Recolleita.

EVA FOI PARELLA ARTÍSTICA DE FLORENCIO LÓPEZ, O CEGO DOS VILARES, VIOLINISTA E O ÚLTIMO CEGO CANTOR GALEGO. CON EL GRAVOU, NO ANO 1981, O ÁLBUM **RECOLLEITA**, COORDINADO POR PABLO QUINTANA.




PANDEIRETEIRAS DE MENS



AS PANDEIRETEIRAS DE MENS FORON UN GRUPO DE MULLERES DOS LUGARES DE ASALO E MENS, NO CONCELLO CORUÑÉS DE MALPICA DE BERGANTIÑOS QUE INTERPRETABAN CANTIGAS GALEGAS E ACTUARON, POR EUROPA E AMÉRICA, COA AGRUPACIÓN FOLKLÓRICA ATURUXO, DA CORUÑA.

12



E daquela éranlle os bailes que había

E daquela éranlle os bailes que había... bueno... cando eu era unha moza xa había música pero... na idade da miña nai eran os bailes que había: tocaban as pandeiretas, nas festas, as mozas bailaban descalzas, levaban zocos... segundo dicía a miña nai, que eu diso non fago caso, cando eu era moza xa había zapatos e había música tamén para bailar {ri}. Pero din que era o baile que había neses tempos... que tocaban unhas, primeiro tocaban unhas e bailaban as outras. Despois, as que bailaban tiñan que tocar para que bailasen as que tocaran ao primeiro.

Beatriz Busto Miramontes
Pandereteiras de Mens
Arquivo RTE/Galicia, 1983
Entrevista a Teresa Lema Varela

BEATRIZ BUSTO MIRAMONTES RECOLLEU EN **PANDERETEIRAS DE MENS** A TRAXECTORIA DESTE GRUPO DE CANTAREIRAS GALEGAS. O LIBRO FOI EDITADO POR aCENTRAL FOLQUE, DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NO ANO 2021, CON PARTITURAS, LETRAS, BIBLIOGRAFÍA, REPERTORIO...



XUNTA
DE GALICIA




Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega

Seminario Galán

LETRAS GALEGAS 2025


13



*E agora van bailar
todos os mozos millores,
carpinteiros e ferreiros
e xastres e labradores.
ai la la la ai la la la*

*Santiago é boa vila,
Santiago é bo lugar;
Santiago é boa vila,
se fora porto de mar
ai la la la ai la la la*

AS PANDEIRETEIRAS DE MENS ACTUARON NA TELEVISIÓN ESPAÑOLA E NA GALEGA, NO PROGRAMA RUADA. TAMÉN PARTICIPARON NA GRAVACIÓN DO DISCO DO FESTIVAL FOLCLÓRICO DE CHÂTEAUNEUF-DU-FAOU, EN 1981, NO QUE CANTARON PRUDENCIA, ASUNCIÓN, ADELA E TERESA.



AS PANDEIRETEIRAS DE MENS

Dorothe tamén visitou Malpica de Bergantiños, para coñecer as Pandeireteiras de Mens, cinco mulleres que ademais de traballar a terra formaron un grupo que tocaba nas reunións da parroquia e nos seráns da contorna.

*Bailador, bailadoriño,
bailador, bailadoriño,
o que ha de ser bailadore
ha de bailar amodiño.*

Mulleres labregas que non pararon de traballar na súa vida un só minuto, e que xa chegando aos 70 anos tiveron o valor de comezar a subir aos escenarios. Tiveron un éxito colosal cando encheron o Teatro Colón da Coruña.

Polo Correo do Vento SC
Cantareiras

CANTAREIRAS. A POESÍA POPULAR NAS LETRAS GALEGAS 2025, É UN LIBRO CON TEXTOS DE POLO CORREO DO VENTO SC, CON ILUSTRACIÓNS DE TANIA SOLLA, PUBLICADO POR LELA EDICIÓNS EN 2024 NO QUE SE HOMENAXEA AS QUE FORON AS GARDIÁS DA NOSA LINGUA E CULTURA POPULAR.

15



ADOLFINA E ROSA CASÁS



ADOLFINA E ROSA CASÁS, TÍE SOBRÍÑA, ERAN DÚAS CANTAREIRAS DA VILA DA IGREXA, EN CERCEDEA, QUE TRABALLABAN EN LABORES AGRARIOS, AO REMATE DOS CALES INTERPRETABAN CANTIGAS POPULARES DE MOITOS ESTILOS: XOTAS, MUIÑEIRAS, PASODOBRES...

16



A ENTREVISTA DAS LETRAS GALEGAS




ENTREVISTAMOS A...

CARLOS GARCÍA CASÁS

**ROSA e ADOLFINA CASÁS,
CANTAREIRAS
VILA DA IGREXA, CERCEDA**

Seminario Galán

3



Ilustracións: Carlos Rodríguez e A. Herrero

-En que traballaban Adolfina e Rosa? Como gañaban a vida?


- Eu lembro que a miña avoa Adolfina andaba ao xornal. Andar ao xornal é que a xente que era propietaria de terras cando tiña que sachar, plantar ou apañar, contratábaas e despois pagáballe por día traballado. Tamén eran contratadas para limpar as casas, as leiras e mesmo para coidado dos rapaces. Supoño que ás veces pagaríanlles con cartos e outras veces en especie, con parte dos produtos que apañaran. Ah, e nas festas de Ledoño a miña avoa traballaba na coctina dun bar.

Con Rosa tiven trato cando era xa era algo maior, porque estivo en Inglaterra, emigrada, e botoulle moito valor ao deixar a súa terra porque non sabía nin ler nin escribir. Nin ela nin Adolfina.

Entrevista a Carlos García Casás,
neto de Adolfina Casás

NA **ENTREVISTA DAS LETRAS GALEGAS**, CARLOS GARCÍA CASÁS, NETO DE ADOLFINA, UNHA DAS HOMENAXEADAS NO DÍA DAS LETRAS DESTE ANO, ACHÉGANOS UNHA VISIÓN DA VIDA E DO TEMPO QUE LLES TOCOU VIVIR A SÚA AVOA E A SÚA SOBRIÑA ROSA.

17



Os gaiteros de antes tocaban sen micrófono, sen luces, e sen traxe de tergal, mais para a xeneración que naceu antes da guerra era sinónimo de baile. Cando a avoa Rosa era unha moza, toda unha vila como Cerceda bailaba arredor de catro ou cinco gaiteros, subidos a cadanseu bocoi. Ou arredor de dúas mulleres armadas só dunha pandeireta e as súas voces, vizosas e curtidas. Había moita gana de festa, e iso axuda moito. Había noites que duraban días.

Contaban de festas grandes como parroquias e pequenas coma tabernas, festas legais e de *estraperlo*, beatas (con cura) e salvaxes (sen garda civil).

...

Richi Casás
Fuliada na vila

FULIADA NA VILA É UN LIBRO ESCRITO POR RICHÍ CASÁS, NETO DE ROSA, UNHA DAS HOMENAXEADAS NO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. FOI EDITADO POR aCENTRAL FOLQUE, EN 2020. NESTA PUBLICACIÓN PODEMOS VER COMO ERA A VIDA DE ROSA E ADOLFINA NO PASADO SÉCULO.



...

Xamais escoitamos aquelas letras nin aquelas melodías. Nin aquel xeito de cantar. Cantaban con fartura, cantaban rindo e bufando. Co ventre, coa boca e o nariz aberto, coa barriga, con todo o corpo desde as pernas ata o moño.

-Saca unha copla, Delfina! -berrou Carmucha. Enseguida entendín o que era unha copla.

*-Bota leña nese lar
anque sexa toxo macho
que van entrar a bailar
a pulga mais o carracho.
a pulga mais o carracho
ai larala lara laie
ai larala lara la laaaaa.*

Anos despois, entendín que a copla ía referida a dúas persoas de Cerceda. A pulga era alcumada así polo seu tamaño, e el, o carracho, pola súa afección ao viño.

Richi Casás
Fuliada na vila

NO LIBRO DE RICHI CASÁS TAMÉN PODEMOS COÑECER COMO SE INTERPRETABAN AS COPLAS, COMO SE IMPROVISABAN AS LETRAS E COMO SE BURLABAN DALGÚNS VECIÑOS, APROVEITANDO ALGUNHA CARACTERÍSTICA FÍSICA OU CALQUERA OUTRO XEITO DE COMPORTAMENTO.



Carmela e mais Anuncia
puxéronse as dúas xuntas
unha pra facer o caldo
outra pra lavar as cuncas.

Unha nena nunha fonte
por unha verza bebía
e a verza estaba rachada.
Toda a auga lle verquía.

Esta vai por despedida,
esta vai por derradeira,
veña outra tocadora
que eu toquei a miña xeira.

Cantigas de Rosa e Adolfinia
Cancioneiro Popular Galego
D. Schubarth e A. Santamarina

AS CANTIGAS POPULARES FORON TRANSMITIDAS POLAS CANTAREIRAS DE TODA GALICIA, CUN GALEGO ENXEBRE E GRAZAS A ELAS O NOSO IDIOMA CONTINUOU VIVO E VIZOSO. ESTA TRADICIÓN CONTINÚA VIVA CO NOVO FOLK GALEGO: TANXUGUEIRAS, FIILLAS DE CASANDRA...

AS CANTAREIRAS



DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2025